



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

POLÍTICA DO SISTEMA DE CALIDADE NAS PRAIAS

O Concello de Foz implantou un Sistema de Xestión de Calidade e Ambiental de acordo coa Norma UNE 187001 "Sistema de Xestión para praias" na Praia Rapadoira, a Norma UNE EN ISO 14001:2004 "Sistemas de Xestión Ambiental" e o Regulamento EMAS de aplicación nas praias do municipio de maior afluencia: Areoura, Llás, Peizás, As Polas, A Rapadoira, Os Xuncos, Arealonga, Pampillosa, Os Alemáns e Fondás, co fin de lograr a satisfacción de todos aqueles que visitan as praias do noso municipio, dotándoa duns servizos de calidade e mellorando o comportamento ambiental e previndo o deterioro dos areais.

Coa implantación deste sistema de xestión de calidade e medio ambiente, o Concello de Foz quere ofrecer ós seus visitantes un ecosistema protexido, cun elevado valor natural, así como uns servizos de calidade acordes ós requisitos das correspondentes normas.

O Concello ten un claro compromiso de mellora continua e de prevención da contaminación das praias. Este Concello comprométese a establecer os medios técnicos e económicos necesarios para frear a contaminación e previr na orixe, así como, previr e eliminar na medida do posible, calquera impacto que poida causarse sobre o medio como consecuencia das súas actividades, eliminar calquera risco hixiénico-sanitario que poida surxir polo uso e disfrute da praia. Garante, á súa vez, un seguimento de todas aquelas actividades que se realicen no litoral establecendo mecanismos de mellora continua, en colaboración con todos os sectores do municipio, asegurando a evolución tanto na calidade ambiental do medio coma nos servizos prestados.

No desenvolvemento de todas aquelas actividades que se realicen nas praias incluídas dentro do alcance do sistema de xestión da calidade e o medio ambiente o Concello comprométese a establecer iniciativas que aseguren o cumprimento das leis e regulamentos, ó mesmo tempo que as esixencias dos usuarios, outros requisitos aplicables ás actividades que se desenvolven na praia ou calquera outro requisito que a nosa organización suscriba relacionado cos aspectos ambientais que poidan interactuar co medio ambiente. Por outra banda, tamén se terá en conta a influencia doutras administracións, organismos e entidades con competencias na xestión integral das praias.

Temos un claro compromiso coa xestión racional dos recursos naturais, procurando a minimización de residuos, vertidos e emisións. Así mesmo tamén existe por parte deste Concello un forte compromiso pola conservación do conxunto do ecosistema natural e flora e fauna asociados. Desde o Concello establécese un compromiso de prevención fronte a corrección polo que se avalían por anticipado as repercusións potenciais sobre o medio ambiente de todas as nosas actividades e servizos desempeñados, adoptando as medidas preventivas necesarias para minimizar ou eliminar o seu impacto.

O Concello de Foz, pretende promover a participación de todo o persoal e usuarios na



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

protección e mellora do litoral, mediante mecanismos de formación e sensibilización, incidindo na comunicación a todos os niveis.

Esta política serve de marco de referencia para definir e avaliar periodicamente obxectivos de calidade e medio ambiente nas nosas praias co obxecto de impulsar a mellora continua nestas.

Esta Política é comunicada todas as persoas da organización ou que traballan no noso nome, incluíndo a todos os contratistas que traballan nas nosas praias. Así mesmo esta Política estará a disposición do público.

O litoral é un ben común, é por iso que dende o Concello queremos facer partícipes a todos os usuarios das praias, así como a todos aqueles que realizan as súas actividades nelas, do presente proxecto, promovendo a súa colaboración, e buscando a satisfacción de todos aqueles que dun modo ou doutro gozan das praias de Foz.

Foz, a 1 de febreiro de 2010

José María García Rivera
Alcalde do Excmo. Concello de Foz

